



SI

Galicia. A nosa vida en dixital

A Sociedade da Información nos fogares galegos
Edición 2023



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2024

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Galicia. A nosa vida en dixital.

A Sociedade da Información nos fogares galegos

Edición 2023

**Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización
de Galicia (OSIMGA)**

Xunta de Galicia

Consellería de facenda e administración pública

**Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela**

2024

ÍNDICE DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN	5
I. A dixitalización dos fogares: equipamentos	7
I.I. Equipamentos xerais.....	9
I.I.I. Fogares con Ordenadores.....	9
I.I.II. Fogares con Smart TV.....	17
I.I.III. Fogares con consolas de xogos con capacidade de acceso a Internet.....	24
I.II. Tecnoloxías disruptivas nos fogares galegos	30
I.II.I. Fogares con altosfalantes intelixentes con asistentes dixital conectado a Internet....	30
I.II.II. Fogares con dispositivos de seguridade conectados a Internet.....	37
I.II.III. Fogares con electrodomésticos conectados a Internet.....	44
I.II.IV. Fogares con sistemas para la administración de enerxía conectados a Internet	51
I.II.V. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet.....	58
II. Fogares con Internet contratado	65
II.I Velocidade de conexión nos fogares	74
III. Usos de diferentes dispositivos electrónicos	78
IV. Tendencias dixitais: usos de Internet.....	94
IV.I Usuarios/as de Internet.....	95
IV.II. Actividades realizadas na Internet	108
IV.II.I. Servizos de Internet utilizados.....	109
IV.II. II. Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet	113
IV.II.III. Actividades relacionadas coa saúde realizadas na Internet.....	116
IV.II. IV. Outras actividades realizadas na Internet.....	119
IV.II. V. Actividades relacionadas cos móbiles e ordenadores.....	122
IV.II. VI. Actividades relacionadas coa informática.....	125
V. Compras por internet	130
VI. Ciberseguridade.....	141
VII. eAdministración en Galicia.....	151
VIII. Conclusións.....	161
IX. Índices de gráficas, mapas e táboas	164
Índice de gráficas	164
Índice de táboas.....	170
Índice de mapas	173



INTRODUCCIÓN

Este informe é elaborado no marco do convenio de colaboración asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información e a dixitalización nos fogares galegos. O acordo de colaboración permite evitar a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

No presente informe recóllense os resultados dos principais indicadores da Sociedade da Información nos fogares galegos, elaborados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Este organismo é o responsable de realizar o procesamento estatístico e a análise que se presenta neste Diagnóstico. Forma parte das iniciativas impulsadas pola Estratexia Galicia Dixital 2030 da Xunta de Galicia.

Medición da evolución das TIC nos Fogares

A información que se amosa procede dun módulo da Enquisa Estrutural de fogares. No ano 2023 a enquisa recolleu información de 7.771 fogares nos que residise cando menos unha persoa de 16 a 74 anos. Abrangue así un total de 15.481 persoas de 16 a 74 anos de idade.

O diagnóstico constitúe unha síntese dos resultados da evolución da Sociedade da Información en Galicia; mídese a dixitalización a través da descrición do equipamento e usos das TIC nos fogares galegos nos que residen persoas de 16 a 74 anos de idade. En concreto, ofrécese información sobre a dispoñibilidade de ordenador e outros dispositivos electrónicos, Internet contratado e banda larga. Ademais, avalíase a utilización do ordenador e Internet por parte das persoas, a adquisición dalgún ben ou servizo a través de Internet e o uso da administración electrónica.

Na edición de 2023 volven a medirse temáticas de interese sobre o uso da Rede por parte dos internautas, ciberseguridade e administración electrónica, ademais de manterse, na súa maioría, os indicadores engadidos o ano anterior sobre a incursión dos equipamentos IOT nos fogares galegos.

A enquisa achega datos desagregados por subconxuntos de idade, sexo, áreas xeográficas, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparativa dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

Ao longo do informe achéganse comparacións cos resultados de anos anteriores. Por norma xeral, o indicador que se utilizará será a taxa de variación. É dicir, aplícase a fórmula:

(Dato final-dato inicial)/dato inicial.

A descrición do dato neses casos será "o indicador aumentou/baixou o x%".

Nalgún caso puntual en que se amose só *Dato final-dato inicial*, a expresión utilizada para describir esta forma de calcular a variación interanual será: "o indicador sube/baixa x puntos porcentuais".



I. A dixitalización dos fogares: equipamentos



I. A dixitalización dos fogares: equipamentos



O 79,1% dos fogares galegos posúen algún tipo de ordenador (ordenador de sobremesa, ordenador portátil, tablet ou PDA) no 2023

O tipo de ordenador con maior presenza é o ordenador portátil, presente no 61,1% dos fogares galegos (+1,7% respecto ao 2022 de crecemento relativo).



O 94,8% dos fogares galegos con nenos/as en idade escolar contan con ordenador.

Os fogares galegos que dispoñen de dispositivos de seguridade conectados a internet teñen un crecemento relativo do 50% respecto ao ano anterior, pasando do 4,8% ao 7,5% no último ano.




Neste primeiro capítulo avalíase o nivel de dixitalización da poboación galega a través dunha revisión do equipamento tecnolóxico nos fogares galegos. Inclúe os computadores (sobremesa e portátiles, tablets, PDA), smartphones e outros dispositivos domésticos con conexión a internet (smart TV e consola de xogos con capacidade de acceso a Internet). Termina expoñendo a repercusión que ten o Internet das cousas (IoT) nos fogares galegos medindo a presenza de dispositivos domóticos con conexión a Internet, que permite o seu control, seguimento ou optimización no funcionamento.

O grao de dixitalización dos fogares galegos segue incrementándose no 2023. Os ordenadores seguen sendo o equipamento tecnolóxico con máis presenza nos fogares galegos, case 8 de cada 10 fogares posúen este equipamento. As televisións intelixentes son cada vez máis habituais nos fogares galegos e dan lugar tamén, á adopción de dispositivos interconectados (internet das cousas) dentro do fogar como son os altosfalantes intelixentes ou electrodomésticos conectados como aspiradoras de robot ou máquinas de café.

No último ano, os crecementos relativos máis destacados foron detectados nos dispositivos de seguridade conectados a internet (+50%), altosfalantes intelixentes con asistente dixital (+20,2%) e SmartTV (+12,6%).

G.1. Equipamento tecnolóxico nos fogares galegos






(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Nota: No 2021 incorpóranse 3 novos indicadores (altifalante intelixente con asistencia dixital, dispositivos de seguridade conectados a Internet e Outros dispositivos domésticos conectados a Internet). No 2023 incorpóranse dous novos indicadores máis: "Electrodomésticos conectados como aspiradoras de robot, frigoríficos, fornos, máquinas de café..." e "Sistemas conectados para a administración de enerxía (termóstatos, luces, enchufes e outras solucións)"

G.2. Equipamento tecnolóxico nos fogares galegos: Evolución 2020-2023



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Nota: No 2021 incorpóranse 3 novos indicadores (altifalante intelixente con asistencia dixital, dispositivos de seguridade conectados a Internet e Outros dispositivos domésticos conectados a Internet). No 2023 incorpóranse dous novos indicadores máis: "Electrodomésticos conectados como aspiradoras de robot, frigoríficos, fornos, máquinas de café..." e "Sistemas conectados para a administración de enerxía (termóstatos, luces, enchufes e outras solucións)"

A continuación desagreganse os resultados para cada un dos equipamentos centrándonos na súa evolución e características.

I.I. Equipamentos xerais

I.I.I. Fogares con Ordenadores


Os ordenadores seguen sendo o equipamento tecnolóxico con maior presenza nos fogares galegos. No 2023, o 79,1% dos fogares galegos dispoñen deste equipamento (+1,7% respecto ao ano anterior).

A presenza dos ordenadores nos fogares galegos incrementouse nun 3,5% dende o ano 2020, mentres que, a nivel estatal, ese incremento supuxo o 1,5% neste mesmo período. Este incremento reforza o nivel de dixitalización dos fogares e das persoas en Galicia.

A porcentaxe xeral de fogares con ordenador incrementábase 1,3 puntos porcentuais respecto ao 2022. O maior crecemento ven dado polos ordenadores portátiles, un 1,7% máis que o ano anterior.

G.3. Fogares con ordenadores (inclúense ordenadores de sobremesa, portátiles, tablets ou PDA)

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)


G. 4. Evolución dos fogares con ordenadores e comparativa coa Media Estatal



Incremento relativo no período 2020-2023

Galicia: 3,5% España: 1,5%

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA -IGE - INE (2020-2023)

Ao igual que ocorría na edición do 2022, o ordenador portátil é o tipo de ordenador con máis presenza nos fogares galegos. O 61,1% dos fogares dispón deste equipamento.

As PDA ou tablets, están dispoñibles nun 42,1% das vivendas en Galicia, superando novamente ao ordenador de sobremesa, presente no 29,1% dos fogares.

G. 5. Fogares con ordenadores. Desagregación por tipoloxía

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

No 2023, o 81,3% dos fogares da provincia da Coruña ten algún tipo de ordenador, seguidos dos fogares de Pontevedra cun 80%.

G. 6. Fogares con ordenadores segundo a provincia de residencia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O tamaño do concello de residencia é unha das principais variables que se relacionan coa dispoñibilidade de ordenadores nos fogares. No ano 2023 vemos novamente que as vivendas situadas nos concellos a partir de 20.000 habitantes son as que acadan porcentaxes superiores á media autonómica (79,1%), mentres que nos concellos de menor poboación, a presenza de ordenadores sitúase nun 66,4%, aínda que son os que presentan un maior crecemento (5,1% respecto ao ano anterior).

G. 7. Fogares con ordenadores segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2023)

As áreas que contan con maior presenza de ordenadores son Santiago (88,9%), A Coruña (85,1%), Pontevedra (82,7%), Vigo (82,7%), Barbanza-Noia (82,2%) e Ourense (81,2%).

Nesta edición ningunha area comarcal está por baixo do 60%.

Respecto ao ano anterior, a área de Pontevedra Nororiental é o que maior crecemento tivo, pasando do 62,1% dos fogares con ordenadores no 2022 ao 75,7% no 2023 o que supón un crecemento do 21,9% no último ano.

G. 8. Fogares con ordenadores segundo a área




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Neste mapa pódese apreciar que a maior presenza de ordenadores sitúase principalmente en áreas arredor de zonas urbanas como A Coruña, Santiago, Pontevedra, Vigo e Ourense.

M.1. Mapa de Fogares con ordenadores segundo a área


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Analizando os valores para os sete concellos con maior poboación de Galicia, todos eles superan a media autonómica (79,1%), sendo Santiago (90,7%) e A Coruña (87,4%) os concellos cunha maior porcentaxe de fogares con ordenadores (sobremesa, portátiles, tablets e PDAs) pero situándose todos eles en valores próximos, por riba do 82%.


G. 9. Fogares con ordenadores nos Concellos con maior poboación



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Outro factor relacionado coa dixitalización dos fogares é o número de persoas que conviven no fogar. Nesta edición, os fogares que teñen máis presenza deste equipamento tecnolóxico son novamente nos que conviven máis persoas; os fogares de 4 e de 5 ou máis membros, superando o 94% no primeiro caso e chegando ao 92,1% nos fogares de 5 ou máis membros.


Novamente o maior crecemento deste indicador sitúase nos fogares unipersoais. No 2023 o 62,2% desta tipoloxía de fogar dispón de ordenador (sobremesa, portátiles, tablets e PDAs), o que supón un crecemento do 7,6% respecto ao último ano.

G. 10. Fogares con ordenadores segundo o número de persoas no fogar

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Os ingresos no fogar inflúen directamente na dispoñibilidade de ordenadores. Nos fogares onde as rendas son máis altas, dispónse dalgún tipo de ordenador no 93,9% dos casos, mentres que nos de menor volume de ingresos descende ata o 50,4%.


Os fogares que teñen ingresos inferiores a 1.100 euros mensuais son os que máis incrementaron a dispoñibilidade de ordenadores nos últimos anos. No 2023, un 50,4% dos fogares con ingresos mensuais inferiores a 600 euros contan con algún tipo de ordenador fronte ao 45,7% do ano 2020, o que representa un incremento do 10,3%.

G. 11. Fogares con ordenadores segundo volume total de ingresos no fogar

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A presenza de menores en idade escolar, variable en estreita relación co tamaño de fogar, repercute de xeito positivo tamén na dispoñibilidade de ordenadores no fogar. Destácase que o 94,8% das vivendas onde conviven rapaces ou rapazas de 3 a 16 anos posúen algún tipo de ordenador, fronte ao 74,4% se non residen persoas destas idades.

G. 12. Fogares con ordenadores segundo a convivencia con nenos/as




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

I.I.II. Fogares con Smart TV

O 55,4% fogares galegos contan cun televisor intelixente, o que supón un crecemento relativo do 12,6% respecto ao ano anterior e un 36,8% respecto ao ano 2020.

G. 13. Fogares con Smart TV


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

G. 14. Evolución dos fogares con SMART TV en Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Son os fogares da Coruña (58,9%) e os de Pontevedra (55,4%) os que contan cunha maior presenza de televisores intelixentes no 2023.

G. 15. Fogares con SMART TV segundo a provincia de residencia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Como vimos observando na análise do indicador anterior, o tamaño do concello é unha das principais variables que se relacionan coa dispoñibilidade de dispositivos electrónicos nos fogares.

A dispoñibilidade de televisores intelixentes nos fogares incrementase a medida que o tamaño do concello é maior. Deste xeito, igual que no caso dos ordenadores, nos concellos de máis de 20 mil habitantes acádase valores superiores aos da media autonómica.

G. 16. Fogares con SMART TV segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A presenza de televisores intelixentes é máis elevada e superan a media autonómica nas áreas comarcais da Santiago (65,7%), A Coruña (63,8%), Pontevedra (63,5%), Caldas-O Salnés (61,1%), Barbanza- Noia (59,6%), Ferrol-Eume-Ortega (57,1%), e Ourense (56,8%). Igual que coa dispoñibilidade de ordenadores nos fogares, as zonas onde existen núcleos con maior poboación contan con maior presenza deste tipo de equipamento.

G. 17. Fogares con SMART TV segundo a área

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Neste mapa pódese apreciar que a maior presenza de televisores intelixentes, superando o 60% dos fogares, sitúase en áreas de influencia das zonas urbanas como Pontevedra, A Coruña e Santiago. Hai importantes contrastes entre rural e urbano. A smart tv non acada o 40% en Ourense Sur e A Costa da Morte.

M.2.Mapa de Fogares con SMART TV segundo a área

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Os sete concellos con maior poboación de Galicia superan a media autonómica (55,4%), sendo A Coruña (65,2%), Santiago de Compostela (63,5%), Pontevedra (62,8%) e Ferrol (62,3%) os concellos que presentan unha maior porcentaxe de televisores intelixentes nos fogares.

G. 18. Fogares con SMART TV nos Concellos con maior poboación

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O número de persoas que conviven no fogar é outro factor relacionado coa dispoñibilidade de smart TV nos fogares galegos. Novamente no 2023, a presenza de televisores intelixentes nos fogares acada os seus máximos valores nos fogares de 4 membros (73%) e de 5 ou máis membros (66,1%), crescendo respecto ao ano anterior un 12,3% e 18,5% respectivamente.

O maior crecemento deste indicador atópase nos fogares unipersoais onde a dispoñibilidade de televisores intelixentes incrementouse nun 25,5% no último ano pasando dun 32,9% a un 41,3% de fogares que dispoñen de este equipamento tecnolóxico.


G. 19. Fogares con SMART TV segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Os ingresos mensuais dos fogares relaciónanse con este indicador. Entre os fogares que dispoñen de rendas máis altas, un 72% conta con smart TV, mentres que esta porcentaxe descende ao 24,6% nos fogares con menor volume de ingresos mensuais.


G. 20. Fogares con SMART TV segundo volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Ao igual que ocorría no ano anterior, a presenza de smart TV no fogar segundo se hai convivencia con nenos/as en idade escolar amosa un contraste significativo. No 2023 o 74,4% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos dispón dun smart TV, fronte ao 49,6% onde non residen rapaces destas idades, o que representa un crecemento do 10,9% e 13,5% respectivamente no último ano,

G. 21. Fogares con SMART TV segundo a convivencia con nenos/as



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)


I.I.III. Fogares con consolas de xogos con capacidade de acceso a Internet

A consola de xogos con capacidade de acceso a Internet é outro dos dispositivos electrónicos que están a gañar presenza nos fogares galegos.

No 2023, o 22,1% dos fogares dispón deste equipamento, o que supón un crecemento relativo do 11,1% respecto ao ano 2020.

G. 22. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

G. 23. Evolución dos fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet en Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Tendo en conta a distribución por provincias, a maior presenza nos fogares de consola de xogos con capacidade de acceso a Internet sitúase na provincia da Pontevedra (23,6%) e a provincia de A Coruña (23,3%). No lado contrario atopamos os fogares ourensáns, onde só o 13,8% dispón deste tipo de dispositivo.

G. 24. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo a provincia de residencia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Segundo o tamaño do concello de residencia, obsérvase que a medida que se incrementa a poboación, tamén aumenta a dispoñibilidade de consolas de xogos con capacidade de acceso a Internet. As vivendas situadas nos concellos de máis de 10.000 habitantes son as que acadan porcentaxes superiores ás da media autonómica. Só os concellos de menos de 5.000 habitantes están moi por debaixo da media. Probablemente este fenómeno estea ligado ao avellentamento destas poboacións rurais e a presenza de nenos/as.

G. 25. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Lideran a presenza das consolas con capacidade de acceso a Internet as áreas comarcais de Barbanza-Noia (29%), Pontevedra (27,4%), O Morrazo (26,8%), Santiago (26,7%) e Vigo (26%).

G. 26. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo a área

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Neste mapa pódese apreciar que a maior presenza das consolas de xogos con capacidade de acceso a Internet sitúase en áreas próximas a zonas urbanas Santiago, Pontevedra, Vigo e O Barbanza-Noia.

M.3. Mapa de Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo a área

(% do total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Tendo en conta os 7 concellos con maior poboación, case todos eles superan a media autonómica (22,1%), a excepción de Ferrol (13,8%) e Ourense (16,5%).

G. 27. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet nos Concellos con maior poboación


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A maior ou menor presenza das consolas nos fogares galegos está relacionada co tamaño do fogar. Nos fogares de máis de 3 membros a presenza das videoconsolas supera a media galega, sendo os fogares de 4 membros (44,5%) onde este dispositivo ten máis presenza.


G. 28. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O volume de ingresos no fogar tamén relaciónase con indicador: os fogares onde as rendas son máis altas dispoñen en maior medida de consola de xogos mentres que a menor volume de ingresos menos probabilidade de ter este dispositivo nos fogares.


G. 29. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A presenza de menores de idade no fogar é a variable que máis intervéñ na dispoñibilidade de consola de xogos. O 43,5% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos dispón de videoconsolas, fronte ao 15,6% onde non residen rapaces destas idades.

G. 30. Fogares con consola de xogos con capacidade de acceso a Internet segundo a convivencia con nenos/as



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

I.II. Tecnoloxías disruptivas nos fogares galegos


Dende o ano 2021, avalíanse tres novos indicadores que axudan a comprender a penetración das tecnoloxías disruptivas nos fogares galegos: alt falantes intelixentes con asistente dixital, dispositivos de seguridade conectados a Internet e outros dispositivos domésticos conectados a Internet (domótica, iluminación, termóstato, outros electrodomésticos...). Na edición deste ano, este último indicador separouse en dous novos indicadores: "electrodomésticos conectados a internet conectados como aspiradoras de robot, frigoríficos, fornos, máquinas de café..." e "sistemas de administración de enerxía conectados a internet (termóstatos, luces, enchufes e outras solucións)". Deste xeito analízase en maior profundidade a incursión da IoT nos fogares galegos.

I.II.I. Fogares con alt falantes intelixentes con asistentes dixital conectado a Internet

A penetración do alt falante intelixente nos fogares galegos vai tomando máis presenza para formar parte do fogar intelixente. No 2023, o 15,5% dos fogares galegos dispón desta tecnoloxía, o que supón incremento relativo desta tecnoloxía nos fogares galegos do 20,2% respecto ao ano anterior.


G. 31. Fogares con alt falante intelixente con asistente dixital conectado a Internet

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)


G. 32. Evolución dos fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet en Galicia



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Segundo a distribución por provincias obsérvase unha maior presenza destes dispositivos nos fogares das provincias da Coruña (17,4%) e Pontevedra (15,3%).

G. 33. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo a provincia de residencia



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Nos concellos de máis de habitantes tende a haber maior presenza desta tecnoloxía nos fogares. Así as vivendas situadas nos concellos de máis de 50.000 habitantes acadan porcentaxes superiores ás da media autonómica (15,5%), de 20.000 a 50.000 igualan practicamente a media, e o resto de estratos queda por debaixo.

G. 34. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

As áreas da Coruña (22,5%), O Morrazo (19,6%), A Mariña (17,8%), Vigo (17,6%), Santiago (17,4%), A Barbanza-Noia (17,3%) e Pontevedra (16,6%) son as que acadan valores superiores á media no que se refire á presenza de altofalantes intelixentes.

G. 35. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet por área

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Neste mapa pódese apreciar que a maior presenza de altofalantes intelixentes sitúase en áreas próximas a zonas urbanas das provincias de A Coruña e Pontevedra, con presenza destacada tamén no Morrazo, O Barbanza-Noia, A mariña, Pontevedra sur, Vigo e Santiago.

M.4. Mapa de fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a internet segundo a área

(% sobre total de fogares onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Todos os concellos de maior poboación, a excepción de Ourense, dispoñen nos seus fogares de altofalantes intelixentes máis que a media autonómica.

G. 36. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet nos Concellos con maior poboación


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Nos fogares de 4 membros (23%) e de 5 membros (18%) é onde máis presenza teñen os altofalantes intelixentes con asistente dixital, superando a media galega.


G. 37. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O volume de ingresos no fogar tamén ten relación con este indicador: os fogares onde as rendas son máis altas dispoñen en maior medida de altofalantes intelixentes mentres que onde hai menor volume de ingresos, menos probabilidade hai de ter este dispositivo nos fogares.


G. 38. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A presenza de menores en idade escolar é outras das variables que explican a dispoñibilidade dos altofalantes intelixentes nos fogares. O 24,6% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos dispón destes dispositivos, fronte ao 12,8% onde non residen rapaces destas idades.

G. 39. Fogares con altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet segundo a convivencia con nenos/as




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

I.II.II. Fogares con dispositivos de seguridade conectados a Internet

Os dispositivos de seguridade conectados a Internet (alarmas conectadas a internet, cámaras de seguridade, pechaduras intelixentes, etc.) están pouco a pouco penetrando nos fogares galegos. No 2023, un 7,2% dos fogares galegos conta xa con estes dispositivos conectados, o que supón un crecemento relativo do 50% respecto ao ano anterior.

G. 40. Fogares con dispositivos de seguridade conectados a Internet (alarma conectada a internet, cámaras de seguridade, pechaduras intelixentes...)


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

G. 41. Fogares con dispositivos de seguridade conectados a Internet (alarma conectada a internet, cámaras de seguridade, pechaduras intelixentes...)

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Tendo en conta a provincia, son os fogares das provincias da Coruña e Pontevedra onde teñen máis presenza estes dispositivos superando a media galega (7,2%) ata o 7,7% e 7,5% respectivamente.

G. 42. Fogares con dispositivos de seguridade conectados a Internet segundo a provincia de residencia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Segundo o tamaño do concello onde se sitúan os fogares, a presenza deste equipamento é máis notorio nos fogares situados nos concellos que teñen entre 10.000 e 50.000 habitantes, que abrangue os dous tramos onde se supera a media galega (7,2%).

G. 43. Fogares con dispositivos de seguridade conectados a Internet segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

En xeral, a maior presenza de dispositivos de seguridade no fogar, non presenta un patrón territorial claro. Barbanza – Noia que, igual que Santiago, superan o 10%. Pero tamén superan a media numerosas áreas rurais e urbanas.

G. 44. Fogares con dispositivos de seguridade conectados a Internet segundo a área

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Neste mapa pódese apreciar que a maior presenza dos dispositivos de seguridade conectados a Internet sitúase en zonas diviersas, sen unha tendencia moi clara, a excepción da zona máis próxima a Santiago.

M.5. Mapa de fogares con dispositivos de seguridade conectados a Internet segundo a área

(% sobre o total de fogares onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Tendo en conta os 7 concellos con maior poboación, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela, superan a media autonómica (7,2%), pero Ferrol (3,3%), Ourense (4,6%) e Lugo (5,9%) teñen valores moi inferiores á mesma.

G. 45. Fogares con dispositivos de seguridade conectados a Internet nos Concellos con maior poboación


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O tamaño dos fogares condiciona o feito de dispoñer ou non de dispositivos de seguridade conectados a Internet. A presenza destes dispositivos nos fogares galegos increméntase nos fogares de 4 membros (11,1%) e de 5 ou máis membros (8,7%), superando a media galega.


G. 46. Fogares con dispositivos de seguridade conectados a Internet segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O volume de ingresos no fogar é o factor máis determinante neste indicador. Os fogares onde as rendas son máis altas dispoñen en maior medida de dispositivos intelixentes de seguridade no fogar.


G. 47. Fogares con dispositivos de seguridade conectados a Internet segundo volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A presenza de menores en idade escolar tamén se relaciona coa maior dispoñibilidade de dispositivos de seguridade conectados a Internet nos fogares. O 10% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos dispón desta tecnoloxía, fronte ao 6,4% onde non residen rapaces destas idades.

G. 48. Fogares con dispositivos de seguridade conectados a Internet segundo a convivencia con nenos/as




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

I.II.III. Fogares con electrodomésticos conectados a Internet

Este é o primeiro ano que se pregunta especificamente pola presenza de electrodomésticos que, grazas á conexión a internet, poden realizar funcións como programalos, supervisalos ou compilar información e comunícanse por internet. Os fogares conectados gañan forza en Galicia: o 14,5% xa dispón dun electrodoméstico intelixente no 2023.

G. 49. Fogares con electrodomésticos conectados a Internet (aspiradoras de robot, frigoríficos, fornos, máquinas de café...)

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Os fogares da provincia de Pontevedra (17,9%) teñen unha maior penetración destes dispositivos.

G. 50. Fogares con electrodomésticos conectados a Internet segundo a provincia de residencia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A dispoñibilidade destes dispositivos nos fogares está condicionada polo tamaño de hábitat. No caso dos electrodomésticos conectados a Internet, a medida que o tamaño do concello é maior, é máis notable a dispoñibilidade destes dispositivos. Son os concellos de máis de 50.000 habitantes os únicos que acadan porcentaxes superiores ás da media autonómica (14,5%).

G. 51. Fogares con electrodomésticos conectados a Internet segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Nas áreas da Pontevedra (35,7%), A Barbanza- Noia (26,4%), O Morrazo (21,5%), Santiago (18,7%), Vigo (18,7%), Vigo (17,4%), Ourense Central (16%) e Lugo Central (15,7%) a presenza de electrodomésticos conectados a Internet tales como aspiradoras de robot, frigoríficos, fornos, máquinas de café ou outros, é máis elevada.

G. 52. Fogares con electrodomésticos conectados a internet segundo área

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Neste mapa pódese apreciar que a maior presenza dos dispositivos domésticos conectados a Internet sitúase sobre todo nas rías baixas e tamén en Santiago.

M.6. Mapa de fogares con electrodomésticos conectados a Internet segundo a área

(% do total de fogares onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Tendo en conta os 7 concellos galegos con maior volume de poboación, Pontevedra, é o concello onde máis fogares contan con electrodomésticos conectados a internet, triplicando a media autonómica (14,5%).

G. 53. Fogares con electrodomésticos conectados a Internet nos Concellos con maior poboación


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A dispoñibilidade de electrodomésticos intelixentes é maior nos fogares de 4 membros (21,3%) e tamén superan lixeiramente a media os fogares de 5 ou máis membros.


G. 54. Fogares con electrodomésticos conectados a Internet segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O volume de ingresos no fogar inflúe directamente neste indicador: os fogares onde as rendas son máis altas dispoñen en maior medida este tipo de electrodomésticos nos fogares, mentres que a menor volume de ingresos menos probabilidade de acceder aos mesmos nos fogares.


G. 55. Fogares con electrodomésticos conectados a Internet segundo volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Tamén neste caso a presenza de menores en idade escolar amosa relación coa dispoñibilidade dos electrodomésticos intelixentes nos fogares. O 19,4% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos dispón desta tecnoloxía, fronte ao 13% onde non residen rapaces destas idades.

G. 56. Fogares con electrodomésticos conectados a Internet segundo a convivencia con nenos/as



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

I.II.IV. Fogares con sistemas para la administración de enerxía conectados a Internet

O concepto da internet das cousas (IoT) chegou ás nosas vidas hai moi pouco tempo convertendo obxectos, utensilios e máquinas do noso día a día en algo moito máis moderno, capaz de analizar a contorna, procesar datos e comunicarse connosco grazas á conexión a internet.


O fogar intelixente (tamén chamado domótico) fai referencia a un conxunto de tecnoloxías conectadas que se utilizan nunha vivenda para automatizala e controlala de forma intelixente.

Dentro destas tecnoloxías sitúanse as que permiten xestionar a enerxía nos fogares como os termóstatos intelixentes, os enchufes intelixentes, a xestión das baterías para autoconsumo e equipamentos de produción de enerxía limpa que, entre outras cuestións, promoven o aforro enerxético nos fogares.

En 2023, en Galicia, o 7,5% dos fogares xa dispón destes sistemas intelixentes como son os termóstatos, luces, enchufes, placas solares, baterías e outras solucións derivadas da administración da enerxía.

G. 57. Fogares con sistemas de administración de enerxía conectados a Internet (termóstatos, luces, enchufes e outras solucións)

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Tanto os fogares da provincia de Coruña (7,7%) como os da provincia de Pontevedra (7,7%) teñen unha maior penetración destes dispositivos, aínda que apenas se desvían da media.

G. 58. Fogares con sistemas de administración de enerxía conectados a Internet segundo a provincia de residencia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A dispoñibilidade destes sistemas de administración de enerxía nos fogares está condicionada polo tamaño de hábitat: a medida que o tamaño do concello é maior, é máis notable a dispoñibilidade destes dispositivos. Son os concellos de máis de 50.000 habitantes os que acadan porcentaxes superiores ás da media autonómica (7,5%).

G. 59. Fogares con sistemas de administración de enerxía conectados a Internet segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Nas áreas de Santiago (13%), Ourense Central (11,5%), Pontevedra(10,1%), O Morrazo (10%), Vigo (9,9%), Lugo Central (8,7%) e Ourense (8,1%) a presenza deste sistemas de xestión da enerxía conectados a internet é máis elevada.

G. 60. Fogares con sistemas de administración de enerxía conectados a internet segundo área

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Nas áreas de Santiago, Ourense Central e Pontevedra a presenza de sistemas de administración de enerxía conectados a internet nos fogares onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos é máis elevada que no resto de Galicia.

M.7.Mapa de fogares sistemas de administración de enerxía conectados a Internet segundo a área

(% do total de fogares onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Tendo en conta os 7 concellos galegos con maior volume de poboación, só Ferrol non supera a media autonómica (7,5%). Nos fogares do concello de Vigo é nos que teñen unha maior presenza estes sistemas de administración de enerxía conectados a internet.

G. 61. Fogares con sistemas de administración de enerxía conectados a Internet nos concellos con maior poboación


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A dispoñibilidade destes dispositivos é maior nos fogares de 4 membros (10%).


G. 62. Fogares con sistemas de administración de enerxía conectados a Internet segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O volume de ingresos no fogar inflúe directamente neste indicador: os fogares onde as rendas son máis altas dispoñen en maior medida estes sistemas intelixentes de xestión de enerxía mentres que a menor volume de ingresos menos probabilidade de dispoñer destes dispositivos nos fogares.

G. 63. Fogares con sistemas de administración de enerxía conectados a Internet segundo volume total de ingresos no fogar




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A presenza de menores en idade escolar amosa certa relación coa dispoñibilidade destes sistemas intelixentes nos fogares. O 9% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos dispón desta tecnoloxía, fronte ao 7% onde non residen rapaces destas idades.

G. 64. Fogares con sistemas de administración de enerxía conectados a Internet segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

I.II.V. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet

No ano 2023, a penetración da tecnoloxía doutros dispositivos domóticos ou asociados ao Internet das Cousas (IoT) nos fogares galegos diferentes dos descritos en capítulos anteriores sitúase no 2,5%.

G. 65. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

G. 66. Evolución dos fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet en Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Os fogares da provincia de Coruña (3%) teñen unha maior penetración destes dispositivos.

G. 67. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet segundo a provincia de residencia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

No caso dos dispositivos domésticos conectados a Internet, a medida que o tamaño do concello é maior, é máis notable a dispoñibilidade destes dispositivos. Son os concellos de máis de 50.000 habitantes os que acadan porcentaxes superiores ás da media autonómica (2,5%).

G. 68. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Nas áreas da A Barbanza - Noia (4,3%), Santiago (4,2%), Coruña (3,3%), O Carballiño-O Ribeiro (3,3%), A Mariña (2,9%), Vigo (2,8%) e Ourense (2,6%) a presenza de dispositivos domésticos interconectados é máis elevada.

G. 69. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a internet segundo área

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Tendo en conta os 7 concellos galegos, só o concello de Ferrol sitúase por debaixo da media autonómica, ou quedar con só un 1,2% de fogares con outros dispositivos domóticos.

G. 70. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet nos Concellos con maior poboación


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A dispoñibilidade destes dispositivos é maior nos fogares de 4 membros (3,3%) e tamén superan lixeiramente a media os fogares de 2 membros.


G. 71. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O volume de ingresos no fogar inflúe directamente neste indicador: os fogares onde as rendas son máis altas dispoñen en maior medida destes dispositivos intelixentes mentres que a menor volume de ingresos menos probabilidade de ter estes dispositivos nos fogares.

G. 72. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet segundo volume total de ingresos no fogar




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Tamén neste caso a presenza de menores en idade escolar amosa relación coa dispoñibilidade dos dispositivos domésticos intelixentes nos fogares. O 3,3% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos dispón desta tecnoloxía, fronte ao 2,3% onde non residen rapaces destas idades.

G. 73. Fogares con outros dispositivos domésticos conectados a Internet segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)



II. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO



II. Fogares con Internet contratado



No 2023, o 94,3% dos fogares galegos contan con Internet contratado, o que supón unha taxa de variación do 1,7% respecto ao ano anterior.

O 44,8% dos fogares con conexión a Internet, contan cunha velocidade igual o superior aos 100Mbps.




Continúa o incremento dos fogares galegos que dispoñen de Internet contratado. No ano 2023, o 94,3% dos fogares galegos teñen Internet contratado. Esta porcentaxe supón un incremento relativo do 1,7% respecto ao ano 2022. Deste xeito, Galicia tivo un crecemento maior que no conxunto de España (incremento estatal do 0,3%).

Como ocorría en anos anteriores, novamente o tipo de conexión é, na súa totalidade, de banda larga, xa que a velocidade de conexión a Internet contratada acada sempre velocidades iguais ou superiores a 1Mbps.

G. 74. Fogares con Internet contratado

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)

Si
94,3%



Non
5,7%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A evolución de fogares con Internet contratado en Galicia presenta un ascenso superior ao observado a nivel europeo, acadando un incremento do 4,4% no período 2020-2023 fronte ao 2,3% de aumento da media europea nese mesmo período.




Incremento relativo no período 2020 - 2023

Galicia: 4,4% España: 1% UE: 2,3%

G. 75. Fogares con Internet contratado. Evolución Galicia


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2020-2023)

G. 76. Fogares con Internet contratado. Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2020-2023)

En termos absolutos, 890.005 fogares galegos teñen contratado Internet, o que representa un incremento de 36.545 fogares nos últimos catro anos.

C.1 . Fogares nos que reside unha persoa de 16 a 74 anos con Internet contratado. Evolución Galicia 2020-2023


(Valores Absolutos)

Fogares con Internet				
2020	2021	2022	2023	Incremento no período 2020-2023
853.460	868.954	874.806	890.005	36.545

Fonte: OSIMGA + IGE (2020-2023)

No ano 2023 son, novamente os datos por provincias moi parecidos, pero Pontevedra e A Coruña contan cun nivel de dixitalización superior ao resto, e os fogares das provincias de Lugo e Ourense sitúanse por baixo da media galega (94,3%).

G. 77.Fogares con Internet contratado segundo a provincia




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Tendo en conta o tamaño do concello, e tal e como vimos observando, son os fogares situados nos hábitats máis poboados os que acadan porcentaxes superiores de dixitalización. Así, a conexión de Internet supera 94,3% (media autonómica) nos concellos de máis de 20.000 habitantes.

A contratación de Internet mantense en todos os estratos de tamaño de concellos, aumentando a medida que se incrementa a súa poboación e supera o 90% nos fogares situados en concellos de máis de 5.000 habitantes. Nos concellos máis rurais acada o 89,7% dos fogares, cun crecemento do 3,7% no último ano, superior ao crecemento medio (1,7%) no último ano.

G. 78. Fogares con Internet contratado segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

En valores absolutos, a análise da dixitalización a través da contratación de Internet indícanos que o crecemento é máis significativo nos concellos de menos de 5.000 habitantes. Así, nos concellos con menos de 5.000 habitantes, o incremento rexistrado no período 2020-2023 foi do 20,5% .

Tamén cabe salientar que nos últimos catro anos a contratación de Internet aumentou un 20,8% nos concellos de 10.000 a 20.000 habitantes.

C.2 Fogares nos que residen persoas de 16 a 74 anos con Internet contratado segundo tipo de hábitat. Evolución Galicia 2020-2023

(Valores Absolutos)

Fogares con Internet segundo tipo de hábitat Valores Absolutos			
	2020	2023	Incremento no período 2020-2023
Ata 5.000 hab.	112.361	135.427	20,5%
De 5.001 a 10.000 hab.	110.875	92.471	-16,6%
De 10.000 e 20.000 hab.	141.557	170.982	20,8%
De 20.000 e 50.000 hab.	146.126	143.680	-1,7%
Máis de 50.000 hab.	342.540	347.447	1,4%


Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

No 2023, o 96,7% dos fogares na área de Vigo e o 96,4% na área de Santiago teñen internet contratado nos seus fogares.

Tamén destacamos a gran penetración do Internet contratado nas áreas da Ourense (96,2%), Pontevedra (95,5%), A Barbanza -Noia (95,3%), Coruña (95,1%) e A Mariña (95,1%). No caso dos fogares situados na área da Costa de Morte viron incrementado a contratación de Internet nun 7% respecto ao ano anterior.

G. 79. Fogares con Internet contratado segundo a área


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

M.8. Mapa de Fogares con Internet contratado segundo a área


(% sobre total de fogares onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Na análise do volume de fogares con Internet contratado nos sete concellos de maior poboación, destaca o feito de que todos os concellos superan o 94% de fogares conectados, e xa supera o 97% en Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela.

G. 80. Fogares con Internet contratado nos 7 concellos de maior poboación




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A dixitalización dos fogares, en termos de Internet contratado, está estreitamente relacionado co o número de persas que residen no fogar.

No 2023, estímase que a totalidade dos fogares galegos con 4 ou máis membros teñen internet contratado. Na outra banda, os fogares unipersoais son que rexistran a menor porcentaxe de contratación de Internet (86,1%) pero tamén son os que, novamente, presentan un maior incremento, un 4,7% con respecto ao ano 2022.


G. 81. Fogares con Internet contratado segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A renda familiar dos fogares galegos repercute no aumento da contratación de Internet, concluíndo que a maior volume de ingresos máis dixital é o fogar. No 2023, o 99,4% de fogares que se sitúan no tramo máis alto de ingresos (máis de 3.500 euros) teñen contratado Internet fronte ao 81,8% dos fogares con ingresos inferiores a os 601 euros.


G. 82. Fogares con Internet contratado segundo o volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A convivencia con nenos/as en idade escolar (dos 3 aos 16 anos) inflúe positivamente na dixitalización. Nestes fogares, a porcentaxe de contratación de Internet acada o 99,8%, 5,5 puntos porcentuais por riba da media galega.

G. 83. Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

II.1 Velocidade de conexión nos fogares

Analizando a velocidade de conexión a Internet, vemos todos os fogares galegos contan con banda larga (máis de 1 Mbp). No 2023, o 44,8% dos fogares con conexión a Internet, contan cunha velocidade igual o superior aos 100Mbps.


G. 84. Velocidade de conexión nos fogares



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A contratación de velocidade igual o superior a 100Mbps é máis común nos fogares que teñen conexión fixa. A velocidade igual o superior a 30 Mbps e inferior a 100 Mbps ten maior presenza nos fogares con conexión só móbil ou ambas (63,1% e 32,8% respectivamente).

G. 85. Velocidade contratada nos fogares segundo tipo de conexión a Internet




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O 78,2% dos fogares galegos con conexión a internet dispoñen dunha velocidade superior aos 30 Mbps, o que supón un incremento relativo do 33,9% respecto ao ano 2020, amosando a rápida evolución de velocidade de conexión nos fogares galegos.

G. 86. Velocidade de conexión superior a os 30 Mbps nos fogares


(% sobre el total de fogares con conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

G. 87. Evolución da velocidade de conexión superior a 30 Mbps 2020-2023

(% sobre o total de fogares con conexión a Internet)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A porcentaxe de fogares con velocidade de conexión a Internet contratada superior a 100 Mbps aumentou considerablemente de 2020 a 2023, situándose no 44,8% fronte ao 27,2% do ano 2020.

G. 88. Evolución da velocidade de conexión superior a 100 Mbps 2020-2023

(% sobre o total de fogares con conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)


Máis de 398.000 fogares galegos contan con velocidades de conexión a Internet contratada superiores aos 100 Mbps fronte aos 232.537 do ano 2020. Nos catro últimos anos, o número de fogares con este tipo de velocidade de conexión a Internet aumentou en máis de 166.409 fogares.

C.3 . Fogares nos que residen persoas de 16 a 74 anos con velocidade de Internet contratada de 100 Mbps ou superior. Evolución Galicia 2020-2023

(Valores Absolutos)

Fogares con velocidade de Internet contratada de 100 Mbps ou superior. Evolución 2020-2023				
Valores Absolutos				
2020	2021	2022	2023	Incremento no período 2020-2023
232.537	260.921	397.162	398.946	71,6%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)



III. Usos de diferentes dispositivos electrónicos



III. Usos de diferentes dispositivos electrónicos



O 92,8% dos galegos/as utilizaron algún tipo de dispositivo electrónico nos últimos tres meses.


O 92,6% da poboación galega emprega un smartphone e un 91,1% utilízao para conectarse a internet.

Neste capítulo abórdanse os usos e hábitos dixitais da poboación galega no seu ámbito particular. Comézase polo uso de dispositivos electrónicos nos tres últimos meses (ordenadores smartphone, e outros dispositivos móbiles – tablets ou PDA).

No 2023 máis de nove de cada dez galegos/as (92,8%) utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses, o que supón un crecemento relativo do 1,6% dende o ano 2020.

G. 89. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos tres últimos meses


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

G. 90. Evolución do uso de dispositivos electrónicos nos tres últimos meses en Galicia.

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)¹

As diferenzas respecto ao sexo no uso dos dispositivos electrónicos non son significativas, pero no uso en función da idade son máis visibles e xogan un papel importante na dixitalización da sociedade galega.

Así, a fenda entre os usuarios/as máis novos e os/as de maior idade respecto ao uso de dispositivos electrónicos é significativa, acadando o 99,8% entre a poboación galega de 16 a 24 anos fronte ao 70,6% no tramo de idade de 65 a 74 anos. Neste grupo de idade o incremento foi de 8,6% dende 2020, cando só acadaban o 65%.

G. 91. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o sexo


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

¹ En 2022 aplícase un cuestionario diferente na enquisa estrutural a fogares, co módulo ampliado de novas tecnoloxías. Os indicadores incluídos non conteñen o que se presenta nesta gráfica.


G. 92. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a idade



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O nivel formativo, ao igual que ocorre coa idade, marca diferenzas no nivel de dixitalización da poboación galega, deste xeito, no 2023, a porcentaxe de usuarios de dispositivos electrónicos alcanza a práctica totalidade entre as persoas con educación superior e segunda etapa de educación secundaria o postsecundaria non superior.


G. 93. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o nivel de estudos



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)


Os estudantes e ocupados/as constitúen os estratos da poboación que máis utilizan o ordenador e os dispositivos móbiles, mentres que a porcentaxe entre xubilados/as baixa ata 72,4%.

G. 94. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a situación socio-laboral




A persoas que residen na provincia de Pontevedra sitúanse por riba da media galega no uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses, pero neste caso as diferenzas co resto non son amplas.

G. 95. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a provincia




Tendo en conta o tamaño do hábitat, no uso de dispositivos electrónicos as diferenzas non son grandes pero crecen xunto co tamaño do concello e nos de máis de 20.000 habitantes acadan a súa maior penetración, con valores superiores ou iguais ao 94%, superando a media galega (92,8%).

G. 96. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o tipo de hábitat



As áreas da Vigo (96,3%), Ourense (95,3%), Coruña (95%), Santiago (94,3%), Caldas – O Salnés (93,5%), A Mariña (93,2%) e Pontevedra (92,9%) son as que contan con maior proporción de usuarios de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses.


G. 97. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a área



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

M.9. Mapa de persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a área

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Entre os 7 concellos con maior poboación de Galicia, Vigo e A Coruña son os que contan cun maior uso de dispositivos electrónicos, cun 97,4% e 96,8%, respectivamente.

G. 98. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses nos 7 concellos con maior poboación


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

As persoas que conviven en fogares de catro membros son os que presentan un maior uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses, cun 95,2%. Os fogares con 2 ou 3 membros superan a media galega.


G. 99. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O uso de dispositivos electrónicos está relacionado co o nivel de ingresos no fogar. Existe unha maior dixitalización das persoas a medida que o nivel de ingresos nos fogares se incrementa, sendo as persoas que conviven nos fogares cun maior nivel de ingresos os que rexistran un uso de dispositivos máis elevado nos últimos tres meses (95,9%).


G. 100. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o volume total de ingresos no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A presenza de nenos en idade escolar obrigatoria no fogar tamén incide no uso de dispositivos electrónicos por parte dos residentes, superando en 6,7 puntos porcentuais á media que se rexistra nos fogares onde non conviven con nenos/as.


G. 101. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos/as



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A continuación, analízanse os tipos de dispositivos electrónicos empregados pola cidadanía galega. O dispositivo máis estendido entre os galegos/as é o teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet (smartphone): o 92,6% da poboación galega emprega un smartphone e un 91,1% utilízao para conectarse a Internet. Dende 2021 a proporción de usuarios de teléfonos móbiles crece nun 2,1%, e no mesmo período crece nun 2,7% a porcentaxe dos que o usan para conectarse a Internet.


G. 102. Persoas que utilizaron o teléfono móbil con capacidade de acceso a (smartphone) nos últimos tres meses



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O 61,5% dos galegos/as empregaron o ordenador nos últimos tres meses, o que constata que o seu uso está menos estendido que o smartphone. Practicamente todos/as os/as usuarios/as deste dispositivo, utilizárono para conectarse a Internet.


G. 103. Persoas que utilizaron ordenador (de sobremesa ou portátil) nos últimos tres meses



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

En terceiro lugar, sitúase o uso doutros dispositivos móbiles (tablet, PDA ou netbooks). O 35,2% dos galegos/as empregan este tipo de dispositivos. Novamente, case todos os seus usuarios conectáronse con eles a Internet.

G. 104. Persoas que utilizaron outros dispositivos móbiles (tablet, PDA ou netbooks) nos últimos tres meses



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A continuación analízase o uso do smartphone, ordenadores e tablets segundo as distintas variables sociodemográficas.

Desde a perspectiva de xénero, o uso de dispositivos electrónicos móbiles non rexistra disparidades significativas, sendo máis as mulleres as que utilizan o Smartphone (93%) e as Tablets (36,6%), mentres que os homes utilizan en maior medida ordenadores (63,3%).

As diferenzas máis notorias son as que se observan ao ter en conta a idade, variable que inflúe directamente no uso dos dispositivos. A fenda entre os usuarios/as máis novos e os/as de maior idade é notable no uso do smartphone, os ordenadores e as tablets.

No caso do smartphone obsérvase un nivel de uso superior ao 99% nas persoas de 16 a 44 anos, mentres que, entre as persoas maiores de 65 anos, o uso é do 70,3%. A mesma tendencia obsérvase no uso do ordenador (portátil ou sobremesa) e no uso das tablets, PDA o netbooks, onde por exemplo o 52% dos mozos galegos/as utilizan estes dispositivos fronte ao 15,2% dos galegos/as que teñen idades comprendidas entre os 65 e 74 anos.

C.4 . Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o sexo (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
Home	92,3%	63,3%	33,9%
Muller	93,0%	59,9%	36,6%
TOTAL	92,6%	61,5%	35,2%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

C.5 . Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo idade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a idade (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
De 16 a 24 anos	99,7%	90,9%	52,0%
De 25 a 34 anos	99,3%	79,8%	41,0%
De 35 a 44 anos	99,4%	75,9%	46,8%
De 45 a 54 anos	97,5%	65,1%	37,5%
De 55 a 64 anos	91,8%	46,5%	26,8%
De 65 a 74 anos	70,3%	27,3%	15,2%
TOTAL	92,6%	61,5%	35,2%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

As provincias da A Coruña e Pontevedra sitúanse á cabeza no nivel de uso de todos os tipos de dispositivos electrónicos. A diferenza é máis notable no caso dos ordenadores.

C.6. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo a provincia

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo Provincia (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
A Coruña	92,3%	63,8%	39,2%
Lugo	91,5%	54,7%	31,4%
Ourense	91,4%	55,5%	31,6%
Pontevedra	93,8%	63,0%	33,1%
TOTAL	92,6%	61,5%	35,2%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O tamaño de hábitat é unha segmentación que amosa contrastes. Os concellos de máis de 20.000 habitantes sitúanse por riba da media autonómica no uso de todos os dispositivos electrónicos. Os concellos de menos de 5.000 habitantes rexistran as porcentaxes máis baixas no uso desta clase de equipamentos dixitais.

C.7. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo Tamaño de Hábitat (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
Ata 5.000 hab.	87,1%	47,8%	24,3%
De 5.001 a 10.000 hab.	88,3%	52,4%	30,3%
De 10.001 a 20.000 hab.	92,0%	57,1%	30,7%
De 20.001 a 50.000 hab.	94,2%	63,1%	35,1%
Máis de 50.000 hab.	95,9%	72,2%	44,2%
TOTAL	92,6%	61,5%	35,2%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Novamente, as persoas que conviven en fogares de catro membros e, en xeral, nos fogares de maior tamaño son os que describen un maior uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses.

C.8 .Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo número de persoas no fogar

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo nº de persas no fogar (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
Fogares de 1 membro	85,8%	45,4%	24,2%
Fogares de 2 membros	93,5%	63,6%	38,2%
Fogares de 3 membros	93,3%	63,0%	35,6%
Fogares de 4 membros	95,2%	67,4%	36,2%
Fogares de 5 ou máis membros	91,5%	64,3%	34,6%
Total	92,6%	61,5%	35,2%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O nivel de ingresos no fogar é outra variable relacionada directamente co uso dos equipamentos dixitais. As persoas que conviven en fogares cun maior nivel de ingresos rexistran un maior uso, tanto do smartphone, como das tablets e ordenadores.

C.9 Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo o volumen total de ingresos no fogar

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo volume total de ingresos no fogar (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
Menos de 601 €	83,5%	33,8%	15,4%
Entre 601 € e 1.100 €	87,6%	37,4%	18,9%
Entre 1.101 € e 1.800 €	87,5%	48,5%	22,7%
Entre 1.800 € e 2.700 €	92,2%	57,3%	32,1%
Entre 2.701 € e 3.500 €	94,7%	66,6%	39,1%
Máis de 3.500 €	95,7%	74,8%	46,2%
Total	92,6%	61,5%	35,2%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)



A presenza de nenos/as en idade escolar obrigatoria no fogar está relacionada co uso de dispositivos electrónicos, superando significativamente á media que se rexistra nos fogares onde non conviven con nenos/as.

C.10 Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo Convivencia con nenos/as estudantes (%)			
	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
Con nenos/as en idade escolar obrigatoria	97,7%	73,8%	47,4%
Sen nenos/as en idade escolar obrigatoria	90,9%	57,3%	31,1%
TOTAL	92,6%	61,5%	35,2%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)



IV. Tendencias dixitais: usos de Internet



IV. Tendencias dixitais: usos de Internet



Os usuarios de Internet nos últimos tres meses en Galicia incrementáronse respecto ao ano anterior, acadando o 91,5% (+2,5% respecto ao ano anterior).

Incrementábase o nivel de dixitalización no tramo de idade de 65 a 74 anos: o 65,9% xa son usuarios de Internet, o que representa un incremento relativo do 10% no último ano.



Usar mensaxería instantánea (98,5%), buscar información sobre bens e servizos (88,6%), recibir ou enviar correos electrónicos (86,6%), ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña (81,7%), telefonar por internet / videoconferencia (79,6%), ou usar banca electrónica (78,4%) son as actividades preferidas dos internautas galegos.

Un dos indicadores mais relevantes para medir o nivel de dixitalización da sociedade galega é o uso de Internet por motivos particulares. Un ano máis, existe un crecemento continuo do número de internautas galegos/as, cun incremento relativo do 2,5% respecto ao ano anterior.

O proceso de dixitalización da poboación galega segue a consolidarse e ampliarse no contexto do acontecido nos últimos anos. O uso da mensaxería, a procura de información, as videochamadas, o uso da banca electrónica, as compras on line ou o ocio a través de Internet impulsan os indicadores de dixitalización, e o fan máis intensamente entre os colectivos que tradicionalmente presentaban unha menor inclusión dixital (persoas maiores ou residentes no rural).

O proceso de dixitalización da poboación galega segue a consolidarse e ampliarse no contexto do acontecido nos últimos anos, mantendo unha vez máis o crecemento continuo nos maiores de 65 anos.


IV.I Usuarios/as de Internet

No 2023, 9 de cada 10 galegos/as utilizaron internet nos últimos tres meses en Galicia, que corrobora a consolidación do proceso de dixitalización da poboación galega, que ten valores e evolución similares á as tendencias observadas no conxunto de España e da Unión Europea.

A evolución en Galicia de persoas con uso de Internet nos tres últimos meses é similar ao crecemento estatal e europeo no período 2020-2023. Galicia incrementou os usuarios activos de Internet nun 4,3% dende o ano 2020, no conxunto de España o incremento relativo foi do 2,4% e na Unión Europea o 3,9%.

G. 105. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

G. 106. Evolución do uso de internet nos tres últimos meses e Comparativa coa Media Estatal e Europea




Incremento relativo no período 2020 - 2023

Galicia: 4,3%. España: 2,4%. UE: 3,9%

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses Evolución Galicia


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2020-2023)

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2020-2023)

En termos absolutos, 1.807.980 galegos/as de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, o que representa un incremento de 70.070 internautas nos últimos catro anos.

C.11 . Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses. Evolución Galicia 2020-2023

(Valores Absolutos)


Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses				
2020	2021	2022	2023	Incremento no período 2020-2023
1.737.910	1.758.193	1.763.218	1.807.980	4,0%

Fonte: OSIMGA -IGE (2020-2023)

Unha variable que se relaciona de xeito directo co nivel de dixitalización é a idade. A menor idade, maior uso da rede, acadando niveis de uso superiores ao 99% entre os menores de 45 anos. Galicia converxe coa media estatal nese grupo de idade pero, a partir dos 54 anos, os niveis de uso da poboación galega son menores, aínda que a fenda se reduce ano a ano. Cabe salientar o incremento no nivel de dixitalización no tramo de idade de 65 a 74 anos: o 65,9% xa son usuarios de Internet, o que representa un incremento do 10% no último ano.

G. 107.Evolución do uso de internet por idades e Comparativa coa Media Estatal. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade. Comparación Galicia/España

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

A mellora das habilidades e usos dixitais das persoas maiores de 55 anos en Galicia está en estreita relación co incremento de internautas neste tramo de idade dende 2020. Hoxe en día a porcentaxe de galegos/as de entre 55 e 64 anos que utilizan Internet é un 11,4% máis que no 2020, o que supón a incorporación de 36.372 internautas máis nos últimos catro anos. Entre os galegos/as que teñen 65 a 74 anos esta porcentaxe ten un incremento relativo do 27,5%, o que significa que nos últimos catro anos hai 46.666 máis internautas neste tramo de idade.

C.12 Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade. Evolución Galicia 2020-2023


(Valores Absolutos)

Valores Absolutos			
	2020	2023	Incremento no período 2020-2023
De 16 a 24 anos	198.718	206.268	3,8%
De 25 a 34 anos	254.016	244.702	-3,7%
De 35 a 44 anos	388.774	352.575	-9,3%
De 45 a 54 anos	406.806	431.801	6,1%
De 55 a 64 anos	320.035	356.407	11,4%
De 65 a 74 anos	169.561	216.227	27,5%

Fonte: OSIMGA -IGE (2020-2023)

O uso de Internet entre as mulleres galegas no 2023 mantén a tendencia observada no último ano e afiánzase superando o 91%. Considerando o período 2020-2022 o aumento das mulleres internautas foi do 4,4%.

G. 108. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o sexo




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

G. 109. Evolución do uso de Internet por sexo e Comparativa coa Media Estatal e Europea


Mulleres que utilizaron Internet en los últimos tres meses
Evolución Galicia

(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)



Mulleres que utilizaron Internet en los últimos tres meses
Comparativa Galicia, España e UE

(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2020-2023)

Nota: O dato para 2023 para UE aínda non está publicado, actualizarase cando Eurostat publíqueo


Homes que utilizaron Internet en los últimos tres meses
Evolución Galicia

(% sobre homes de 16 a 74 anos)



Homes que utilizaron Internet en los últimos tres meses
Comparativa Galicia, España e UE

(% sobre homes de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2020-2023)

Nota: O dato para 2023 para UE aínda non está publicado, actualizarase cando Eurostat publíqueo


Obsérvase unha maior porcentaxe de utilización de Internet co aumento do nivel formativo, que a partir da educación post-Secundaria ou ensinanzas superiores sitúase por enriba do 97%.

G. 110. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o nivel de estudos




Segundo a situación socio laboral identifícase, un ano máis, que o maior nivel de dixitalización o teñen os estudantes (100%) e ocupados/as (98,3%). En ambos os dous grupos existe un uso case universal de Internet, que xa se acadara nas edicións anteriores Os colectivos que no último ano máis aumentan o seu nivel de dixitalización son as persoas xubiladas (+8,4%) e as que realizan tarefas do fogar (+6,9%).

G. 111. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a situación socio-laboral



Pontevedra é a provincia que presenta un maior nivel de uso de Internet nos últimos tres meses. Neste última edición obsérvase que o maior crecemento de internautas prodúcese, novamente, na provincia de Ourense (+3,4%) o que redunda nunha redución da fenda dixital e nunha maior cohesión territorial.

G. 112. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a provincia



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

En termos absolutos, as provincias que máis creceron no número de internautas no período 2020-2023 foron Lugo e Pontevedra.

C.13 Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a provincia. Evolución Galicia 2020-2023 (Valores Absolutos)

Valores Absolutos			
	2020	2023	Incremento relativo no período 2020-2023
A Coruña	737.633	755.811	2,5%
Lugo	198.734	208.256	4,8%
Ourense	187.390	194.269	3,7%
Pontevedra	614.152	649.644	5,8%

Fonte: OSIMGA -IGE (2020-2023)

O uso de Internet segundo os tipos de hábitat mantense estable no 2023 acadando valores superiores ao 85% . Nos concellos de máis de 20.000 habitantes, supérase amplamente a media galega (91,5%). Os incrementos máis notorios dende o 2020 prodúcese nos concellos que teñen entre 10.000 e 20.000 habitantes e os de menos de 5.000 habitantes, cun crecemento relativo de internautas do 6,6% e 6,4% respectivamente nos últimos catro anos.

G. 113. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o tipo de hábitat



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

No período 2020-2023, nos concellos de menos de 5.000 habitantes incorporáronse 51.341 internautas novos, o que supón un crecemento relativo do 23,1%.

O número de usuarios/as de Internet nos concellos de 10.000 a 20.00 habitantes aumentou un 21,2% sumando 61.901 internautas máis.

C.14 Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a tipo de hábitat. Evolución Galicia 2020-2023

(Valores Absolutos)


Valores Absolutos			
	2020	2023	Incremento no período 2020-2023
Ata 5.000 hab.	222.711	274.052	23,1%
De 5.001 a 10.000 hab.	225.134	186.955	-17,0%
De 10.000 e 20.000 hab.	292.367	354.268	21,2%
De 20.000 e 50.000 hab.	311.290	297.289	-4,5%
Máis de 50.000 hab.	686.409	695.417	1,3%
Total	1.737.911	1.807.980	4,0%

Fonte: OSIMGA -IGE (2020-2023)

As áreas xeográficas que presentan unha maior porcentaxe de usuarios de Internet en 2023 son as zonas metropolitanas da Vigo (95%), Coruña (93,9%), Ourense (93,8%), Santiago (93,7%), A Mariña (92,2%), Pontevedra (92,1%) e Ferrol-Eume-Ortega (91,9%). No extremo contrario, sitúanse Lugo Oriental e a Costa da Morte, cunha porcentaxe do 83,4% e 82,3% respectivamente, sendo as únicas áreas por debaixo do 84%.

G. 114. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a área


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

M.10. Mapa de Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a área


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Todos os grandes concellos de Galicia superan a media autonómica de internautas (91,5%), e o Concello de Vigo co 96,9%, é o que rexistra a maior porcentaxe de internautas nos últimos tres meses.

G. 115. Persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses nos 7 concellos con maior poboación




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Segundo a composición do fogar, a porcentaxe de usuarios de Internet máis elevada é nas persoas que residen en fogares de 4 membros, onde se rexistra o máximo de 94,2%. Nos fogares de máis de 2 ou 3 membros, a porcentaxe de internautas supera a media autonómica.

G. 116. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o número de persoas no fogar

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O nivel de ingresos no fogar, como acontece con outros indicadores da dixitalización, tamén é un factor determinante á hora de utilizar a Rede. Os fogares con rendas superiores aos 2.701 € superan a media autonómica.

G. 117. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o volume total de ingresos do fogar


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Ter dentro do fogar nenos en idade escolar tamén incide de xeito significativo nun maior uso de Internet. Na actualidade, a diferenza no uso da Internet entre as persoas que viven en fogares con nenos en idade escolar e naqueles que non residen rapaces é de 7,7 puntos porcentuais.

G. 118. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos/as



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

IV.II. Actividades realizadas na Internet

Dende 2021, vense analizando novos indicadores relacionados coas actividades que os galegos/as fan en internet dentro do marco da Estratexia Galicia Dixital 2030.

O tipo de actividades que os galegos/as realizan na internet varía moito en función do colectivo e está condicionado por distintos factores institucionais, culturais, económicos e sociais, como a idade ou o nivel educativo. Se atendemos a usos máis avanzados, como o as actividades relacionadas coa informática ou a banca dixital, entran en xogo outras variables, como a familiaridade cos servizos en liña, a confianza e as habilidades dixitais.

Neste apartado analizaremos os diversos usos que os internautas galegos dan a este medio que nos permitirán perfilar o grao de dixitalización e as habilidades dixitais da poboación galega de 16 a 74 anos.

Concretamente nesta edición os indicadores que se analizan se clasifican nos seguintes bloques:

- ✓ Servizos de Internet utilizados.
- ✓ Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet.
- ✓ Actividades relacionadas coa saúde realizadas na Internet.
- ✓ Outras actividades realizadas na Internet.
- ✓ Actividades relacionadas cos móbiles e ordenadores.
- ✓ Actividades relacionadas coa informática.

A continuación preséntanse os resultados para cada un dos novos indicadores presentes nesta edición.


IV.II.I. Servizos de Internet utilizados

Usar mensaxería instantánea (98,5%) é o servizo máis utilizado entre os galegos e galegas que utilizaron a Rede nos últimos tres meses (91,5%) seguido, pola procura de información sobre bens e servizos (88,6%).

Outros usos destacados son recibir ou enviar correos electrónicos (86,6%), ou ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña (81,7%).

G. 119. Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

O uso que a poboación internauta realiza dos servizos que ofrece a Rede esta determinada polas súas características sociodemográficas.

Como pode observarse nas seguintes táboas, a idade, o nivel educativo, o tamaño do concello de residencia, ou a convivencia con nenos/as en idade escolar, condicionan o uso de determinados servizos como o envío de correos electrónicos, realizar videochamadas, a participación en redes sociais, utilizar plataformas de entretemento para ver TV, descargar música, xogar ou descargar xogos.

C.15 Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo sexo

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)			
	Home	Muller	Total
Usar mensaxería instantánea	98,3%	98,7%	98,5%
Buscar información sobre bens ou servizos	89,6%	87,6%	88,6%
Recibir ou enviar correos electrónicos	88,3%	85,1%	86,6%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	83,4%	80,1%	81,7%
Telefonar por internet/videoconferencia	77,9%	81,2%	79,6%
Participar en redes sociais	73,9%	76,9%	75,4%
Escoitar ou descargar música ou ver programas emitidos por internet de canles de televisión	71,2%	68,5%	69,8%
Ver series, películas ou programas baixo demanda de empresas comerciais	61,6%	58,4%	60,0%
Xogar ou descargar xogos	33,5%	24,5%	28,9%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

C.16 Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo idade

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)							
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	Total
Usar mensaxería instantánea	99,6%	99,6%	99,0%	98,9%	97,7%	96,2%	98,5%
Buscar información sobre bens ou servizos	93,3%	95,5%	94,2%	91,3%	83,9%	69,2%	88,6%
Recibir ou enviar correos electrónicos	96,7%	96,9%	95,7%	90,6%	78,0%	57,0%	86,6%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	82,1%	91,0%	88,3%	84,6%	76,0%	63,7%	81,7%
Telefonar por internet/videoconferencia	94,1%	92,5%	85,8%	79,1%	69,6%	58,4%	79,6%
Participar en redes sociais	97,4%	96,3%	86,9%	76,3%	58,5%	38,2%	75,4%
Escoitar ou descargar música ou ver programas emitidos por internet de canles de televisión	95,2%	90,6%	82,8%	70,0%	50,3%	33,0%	69,8%
Ver series, películas ou programas baixo demanda de empresas comerciais	80,4%	79,5%	71,0%	60,7%	41,4%	29,6%	60,0%
Xogar ou descargar xogos	68,0%	47,9%	33,0%	21,0%	12,4%	6,4%	28,9%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

C.17 Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo estudos

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)					
	Educación primaria e inferior	Primeira etapa de ed. secundaria e similar	Segunda etapa de ed. secundaria e ed. postsecundaria non superior	Educación superior	Total
Usar mensaxería instantánea	93,6%	98,2%	99,0%	98,9%	98,5%
Buscar información sobre bens ou servizos	55,9%	81,2%	92,4%	95,7%	88,6%
Recibir ou enviar correos electrónicos	53,2%	74,4%	92,8%	97,1%	86,6%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	43,2%	71,2%	85,0%	92,7%	81,7%
Telefonar por internet/videoconferencia	71,4%	71,8%	82,6%	85,9%	79,6%
Participar en redes sociais	56,3%	67,2%	82,0%	80,5%	75,4%
Escoitar ou descargar música ou ver programas emitidos por internet de canles de televisión	32,7%	56,3%	76,0%	81,8%	69,8%
Ver series, películas ou programas baixo demanda de empresas comerciais	20,6%	44,1%	65,9%	74,6%	60,0%
Xogar ou descargar xogos	17,0%	23,6%	34,2%	31,7%	28,9%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

C.18 Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo a situación socio-laboral

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)							
	Ocupado	Parado	Xubilado	Persoas con discapacidade	Tarefas do fogar	Estudando	Total
Usar mensaxería instantánea	99,1%	97,8%	95,9%	94,9%	97,8%	99,9%	98,5%
Buscar información sobre bens ou servizos	93,0%	84,6%	71,6%	77,8%	77,5%	93,0%	88,6%
Recibir ou enviar correos electrónicos	93,1%	79,8%	60,3%	62,7%	71,4%	97,4%	86,6%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	87,0%	76,2%	66,1%	73,7%	67,2%	82,8%	81,7%
Telefonar por internet/videoconferencia	82,6%	76,4%	59,3%	62,7%	72,7%	94,8%	79,6%
Participar en redes sociais	80,8%	71,9%	39,4%	63,7%	62,3%	97,4%	75,4%
Escoitar ou descargar música ou ver programas emitidos por internet de canles de televisión	74,7%	66,5%	36,4%	60,9%	50,1%	96,1%	69,8%
Ver series, películas ou programas baixo demanda de empresas comerciais	66,1%	49,4%	32,4%	40,3%	40,2%	82,2%	60,0%
Xogar ou descargar xogos	29,0%	26,1%	6,4%	26,8%	16,8%	68,6%	28,9%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

C.19 Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo a provincia

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Usar mensaxería instantánea	98,4%	98,7%	98,4%	98,8%	98,5%
Buscar información sobre bens ou servizos	89,5%	84,7%	88,6%	88,7%	88,6%
Recibir ou enviar correos electrónicos	89,2%	83,0%	83,2%	85,8%	86,6%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	87,1%	79,9%	73,0%	78,7%	81,7%
Telefonar por internet/videoconferencia	78,4%	73,7%	85,3%	81,1%	79,6%
Participar en redes sociais	76,0%	72,8%	73,9%	75,9%	75,4%
Escoitar ou descargar música ou ver programas emitidos por internet de canles de televisión	75,5%	58,7%	68,1%	67,3%	69,8%
Ver series, películas ou programas baixo demanda de empresas comerciais	66,9%	53,1%	54,8%	55,6%	60,0%
Xogar ou descargar xogos	34,3%	22,1%	17,9%	28,1%	28,9%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

C.20 Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo o tipo de hábitat

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)						
	Menos de 5.000 hab.	Entre 5.000 e 10.000 hab.	Entre 10.000 e 20.000 hab.	Entre 20.000 e 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	Total
Usar mensaxería instantánea	98,2%	98,6%	98,3%	98,5%	98,8%	98,5%
Buscar información sobre bens ou servizos	85,7%	88,1%	87,8%	89,3%	89,9%	88,6%
Recibir ou enviar correos electrónicos	81,9%	84,1%	83,9%	86,9%	90,5%	86,6%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	72,8%	79,6%	79,4%	85,6%	85,3%	81,7%
Telefonar por internet/videoconferencia	77,1%	79,7%	78,6%	82,7%	79,7%	79,6%
Participar en redes sociais	74,6%	73,4%	76,8%	78,3%	74,3%	75,4%
Escoitar ou descargar música ou ver programas emitidos por internet de canles de televisión	64,9%	68,2%	67,3%	69,5%	73,7%	69,8%
Ver series, películas ou programas baixo demanda de empresas comerciais	48,8%	55,2%	56,9%	61,5%	66,6%	60,0%
Xogar ou descargar xogos	25,0%	24,1%	26,3%	31,9%	31,8%	28,9%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

C.21 Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo o volume total de ingresos no fogar

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)							
	Menos de 601 euros	Entre 601 a 1.100 euros	Entre 1.101 a 1.800 euros	Entre 1.801 a 2.700 euros	Entre 2.701 a 3.500 euros	Máis de 3.500 euros	Total
Usar mensaxería instantánea	97,6%	98,0%	98,8%	98,2%	99,0%	98,6%	98,5%
Buscar información sobre bens ou servizos	83,4%	79,0%	84,7%	86,8%	90,5%	92,5%	88,6%
Recibir ou enviar correos electrónicos	79,3%	77,7%	81,6%	83,8%	88,8%	91,7%	86,6%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	70,4%	71,6%	75,9%	78,8%	84,1%	87,6%	81,7%
Telefonar por internet/videoconferencia	74,5%	76,8%	77,6%	76,3%	79,1%	84,1%	79,6%
Participar en redes sociais	68,0%	70,1%	72,8%	74,3%	76,3%	78,3%	75,4%
Escoitar ou descargar música ou ver programas emitidos por internet de canles de televisión	61,5%	62,2%	65,9%	67,3%	71,5%	74,4%	69,8%
Ver series, películas ou programas baixo demanda de empresas comerciais	34,8%	43,7%	49,7%	56,5%	64,0%	69,1%	60,0%
Xogar ou descargar xogos	22,8%	26,2%	28,3%	27,9%	29,7%	30,4%	28,9%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

C.22 Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses segundo a convivencia con nenos/as

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)			
	Con nenos/as en idade escolar obrigatoria (3 a 16 anos)	Sen nenos/as en idade escolar obrigatoria (3 a 16 anos)	Total
Usar mensaxería instantánea	99,2%	98,3%	98,5%
Buscar información sobre bens ou servizos	92,6%	87,1%	88,6%
Recibir ou enviar correos electrónicos	93,4%	84,1%	86,6%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	85,8%	80,2%	81,7%
Telefonar por internet/videoconferencia	86,6%	76,9%	79,6%
Participar en redes sociais	84,0%	72,1%	75,4%
Escoitar ou descargar música ou ver programas emitidos por internet de canles de televisión	78,6%	66,5%	69,8%
Ver series, películas ou programas baixo demanda de empresas comerciais	69,6%	56,3%	60,0%
Xogar ou descargar xogos	34,9%	26,6%	28,9%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

IV.II. II. Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet

Os internautas galegos de 16 a 74 anos utilizan internet con fins educativos para comunicarse entre profesores e alumnos e/ou realizar algún curso en liña ou utilizar material de aprendizaxe en liña en un 24,9% e 19,4% respectivamente.

G. 120. Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet con fins educativos, profesionais ou privados nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Tendo en conta as variables sociodemográficas na realización de actividades de aprendizaxe en liña, a idade, o nivel educativo e a situación socio laboral, son principalmente ás variables que máis determinan a realización deste tipo de actividade formativa.

C.23 Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet con fins educativos, profesionais ou privados nos últimos 3 meses segundo sexo

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)			
	Home	Muller	Total
Comunicarse con profesores ou alumnos utilizando portais ou sitios web educativos	21,7%	28,0%	24,9%
Realizar algún curso en liña (ou parcialmente en liña) ou utilizar material de aprendizaxe en liña	17,9%	20,8%	19,4%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

C.24 Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet con fins educativos, profesionais ou privados nos últimos 3 meses segundo idade

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)							
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	Total
Comunicarse con profesores ou alumnos utilizando portais ou sitios web educativos	65,0%	27,7%	30,5%	24,6%	8,4%	2,2%	24,9%
Realizar algún curso en liña (ou parcialmente en liña) ou utilizar material de aprendizaxe en liña	44,2%	27,6%	23,0%	16,7%	9,1%	2,8%	19,4%

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

C.25 Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet con fins educativos, profesionais ou privados nos últimos 3 meses segundo estudos

(% do total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)					
